

Yasuhiro Yotsumoto

POETAS NA CORTE
D'EL REI SABIO

*Os homes son inútiles, teñen imaxinación de máis.
Coma esas parvadas da fin do universo*

25 de outubro de 2013 ás 20:30 h. · Fundación Vicente Risco, Allariz



Yasuhiro Yotsumoto naceu en 1959 en Osaka pero criouse principalmente en Hiroshima. Aínda que xa escribía versos na súa mocidade, foi a partir da emigración nos EE.UU. -a mediados dos 80- cando abrazou definitivamente a escrita literaria na súa lingua nai.

O seu primeiro libro de poemas, *A risa frouxa*, saíu do prelo en 1991. A este seguíronlle outros nove poemarios publicados no Xapón. Entre os individuais podemos salientar *O Congreso Mundial dos de Mediana Idade* (2002), *Tarde das palabras prohibidas* (2003) –que acadou o prestixioso premio Hagiwara Sakutarō-, *Hora Dourada* (2004), *A estribor da miña muller* (2006), *Logos pirateado* (2010) e *Prisioneiro do xaponés* (2012), último ata a data e galardoado co Premio Ayukawa Nobuo. Ademais, publicou *Poesía contra Vida* (2005) e *O calendario embarrado* (2008) asinados a dúas mans con Masayo Koike e Inuo Taguchi respectivamente.

Na súa obra, Yotsumoto tanto fai un retrato da sociedade xaponesa en plena burbulla económica estruturándoo a través de teorías financeiras, como poetiza a crise dos corenta, a memoria da infancia a través dos debuxos animados, a vida matrimonial, as dinámicas relacións entre literatura e vida ou entre linguaxe, conciencia e poesía.

Os seus poemas téñense traducido a máis de vinte linguas –entre elas o galego-, incluíndo ademais tres libros publicados en Australia, Serbia e Romanía. Así mesmo, é autor de ensaios, crítica literaria e traducións ao xaponés de autores como Li Po, Dante, Rilke ou Emily Dickinson entre outros. A súa actividade como editor repártese entre a sección xaponesa do portal web Poetry International e a revista xaponesa de poesía *Beagle*.

PAPÁ A ROCHA

Acordamos unha mañá para atopar o noso Pai transformado nunha rocha, enriba do seu futón, non maior que un balón de fútbol, pero incrivelmente pesada, inamovible mesmo cando toda a familia se puxo a o empurrar. A superficie é negra e brillante, e vemos pequenas partículas metálicas se o esculcamos de preto.

Mamá, tal como ela é, ponse a buscar traballo á semana seguinte, pero, á véspera do 49º día do funeral, é atopada no baño convertida na Fosa das Marianas.

Hoxe, unha carretilla elevadora tira a papá en mamá.

A NOITE DE ADÁN

A miña muller está roncando.

Coma se aquí fose
aínda aló.

Coma se quixese dicir que esas tres pólas de aí
estivesen aínda abenzoadas con aquelas froitas douradas.

A miña muller está roncando
deitada no gretado chan,
escintileos incontables no ceo nu
contemplan dende arriba o seu fraco corpo espido
envolto nunha bata de pel desgastada.

Por esta muller
fomos desterrados do paraíso
e forzados a sufrir polo alimento.
O que é máis, díxosevos que volveríades ao po
dende que do mesmo po fostes sacados.

Eu non sei que significa,
nunca a morte vin.
Será que non ten medo
porque pode ter fillos?
Non lle importaría se chegase a desaparecer?

Quen demo é esta muller?
Adoitaba ser unha parte de min.
Un lugar que é mol, branco e máis doce que o paraíso.
Alguén que se atreve a poñer a proba aquilo no que eu non podería nin pensar
e aínda procura a ledicia mesmo na lamentación.

Coas meixelas manchadas de bágoas
e o queixo levantado con descaro,
coma unha fenda dunha rocha pola que sopra un remuíño
nun mundo impecablemente ben montado,
a miña muller está roncando.

FARAGULLA A FARAGULLA

Esfaragulla
coma unha torta resesa
ao máis lene contacto das unllas dos meus dedos,
mira, xusto así.

Eu non sei o que é isto,
mais debe ser xigante, e para nada firme,
e sigo rabuñánda coas puntas das miñas unllas.
Mete medo, é verdade, mais non podo deixar de o facer.

Empezo a preguntarme se nalgún intre caerá.
Que farías entón?
Intentarías salvarme,
mesmo se soubeses que os dous esmigallaríamos de calquera xeito?

Ei!, non te poñas nervioso,
só estou a brincar.
Os homes son inútiles, teñen imaxinación de máis.
Coma esas parvadas da fin do universo.

Non, entendícheo todo mal.
Non rematará.
Só seguirá a esmigallar

faragulla a
faragulla.



Debuxo de Vicente Risco



Fundación
Vicente Risco



POETAS
DI(N)VERSOS



IMPRESIÓN ARTE